

Emma Couceiro. *Humidosas*

Teresa Seara

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEARA, TERESA (2012 [1998]). “Emma Couceiro. *Humidosas*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 279-281. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1773>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEARA, TERESA (1998). “Emma Couceiro. *Humidosas*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 279-281.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Emma Couceiro: *Humidosas*
A Coruña: Edicións Espiral Maior
V Premio de Poesía Espiral Maior

Teresa Seara

Meses despois de terse fallado a quinta convocatoria do premio Espiral Maior para autores sen libro publicado, chega ó espacio editorial a obra galardoada nesta ocasión: *Humidosas*. Un poemario de grande unidade temática e tonal onde Emma Couceiro recrea un mundo opresivo e caótico simbolizado nesa *casa de mentiras* que, como a crisálida, encorseta o eu poético nunha idade falsa negándolle a súa evolución natural cara á madurez. O eu poético séntese illado neste ámbito mentres as humidosas, unha flora estraña e negativa, vai colonizando os cuartos para achegarse á súa pel e inocularlle o veneno da latencia que o manteña inmóbil no estadio infantil. Así,

*Xusto ao redor
do que ía ser o meu corpo deitado,
medraron humidosas encollidas contra a pel.
Nin esta nin outra máis
como unha dama,
xa só descunchando liñas
de memoria
e daquela tamén coa lingua axeonllada na boca.*

As humidosas nacen da vontade duns seres estraños que poboan a casa, as *encerradoras*. Estas presencias femininas son terroríficas pois conseguen enclausurar o ser nunha existencia falsa que conserve os lazos umbilicais intactos. As nais, posesivas e devoradoras, empéñanse en manter eternamente o fillo no seu claustro húmido despregando varias artes como o deseño de ficcións e tempos falsos, o

poder do seu engado ou o intento de preservación dun corpo infantil que xa non ten razón de ser conservado nos húmidos fluídos que actúan a xeito de formol:

*As cerradoras
omitían cada vez máis tempo
un tempo falso na memoria.
Durmían baixo cunchas pigmentadas de ceo
de amor pechadas.*

*Eran esperadoras
como quen agarda sempre sempre
unha cor na que naufraga.*

Estes seres letais —as encerradoras— atacan directamente a consciencia que o eu ten do real e buscan, destruindo os seus nexos de unión co verídico, sumilo nun marasmo de falsidades. Mais o eu poético deféndese dos seus ataques e resítese a deixarse vencer polo Complexo de Peter Pan que as encerradoras pretenden crearlle pois nada máis lonxe dos seus desexos que ficar inerte nunha nenez que xa superou. A súa resistencia é da caste dos *agardadores*, eses seres que esperan, fóra da casa, a liberación definitiva do eu ofrecéndolle unha existencia libre de ataduras, un camiño aberto por percorrer. A debilidade dos agardadores queda patente na súa natureza pasiva e fráxil que lles impide entrar na casa e rescatar o eu poético do engado das encerradoras:

*Quero irme
que lamento cousas
sen agardar que as recollan
só deixalas lonxe
lamentadas
levando demasiada voz até o pasado.*

*Vexo camiño cheo de agardadores por min
recheo de agardadores pacientes por min
agardadores serenos en ollos e corpo.*

E mentres non atopa as portas para fuxir da humidade que se lle vai achegando, o eu poético —que se nos revela como unha nena— ennóbélase cada vez máis en si mesmo mentres a casa se transforma en crisálida onde durmir o sono profundo da metamorfose. Soñar convértese así nun exercicio de liberdade e auto-coñecemento que fortalecerá o ser descubríndolle o segredo da transformación da auga:

*Chega a min a somnolencia
que viaxa nos ares do solpor,
e cae como unha cortinaxe
na que esvaro
até a morte inconfundible da alucinación.*
[.]

*Os nenos son bonecos,
eu tamén;
sen esforzo, concentrados
durmimos...*

Tras a súa viaxe introspectiva, o eu poético utiliza o seu novo poder para mudar os líquidos estancados en fluídos de vida que o guíen fóra desta existencia caótica e dolorosa. O cambio positivo anunciado por setembro —con ese anxoneno que induce o sono: “*hai un anxo neno, / que xoga fermoso/ a fuxir correndo/ das saias sedosas das noites de setembro*”— non é só exterior senón que debe agromar internamente. Só “*saudando setembro*”, a súa esencia liberadora, logrará o eu poético rodearse dun verdadeiro escudo protector contra os lacerantes ataques das humidosas que, calando a súa “*pel de trapo*”, buscan transformala nunha boneca sen vontade sometida ás dúbidas existenciais máis acuciantes:

*Demos tantas voltas para chegar aquí
e debullar humidosas
que só quedamos nós e as nosas preguntas.*

*De aquelas que asubiaban a melodía de criatura
e nome
deixamos rastros*

porque pasa o tempo

Mais, no nobelo, o eu poético atopou o antídoto contra os dardos das encerradoras, unhas ás de bolboreta que lle permiten voar da man das palabras, da voz. E así como escoitaba os susurros dos agardadores no camiño e o agurgullar silandeiro das humidosas, atende á súa voz interna que lle fala da necesidade de abandonar a casa, os medos, esa infancia que se lle pega á pel. No exercicio de saudar setembro o eu está abrindo unha fiestra a ese camiño cheo de agardadores que a guían lonxe das encerradoras e dos seus ámbitos claustrofóbicos. Sen angustias, alzar a voz é investirse desa “*esperanza que queima as linguas*” e garante o futuro.